

BANDO

**D. MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ, ALCALDE DO
CONCELLO DE OUTES;**

FAI SABER

PREVENCIÓN COVID-19

QUE POR MOR DO REAL DECRETO 463/2020, DE 14 DE MARZO, POLO QUE SE DECLARA O ESTADO DE ALARMA PARA A XESTIÓN DA SITUACIÓN DE CRISE SANITARIA OCACIONADA POLO COVID-19, DESDE A ALCALDÍA DO CONCELLO ADOPTOUSE A SEGUINTE RESOLUCIÓN:

1. PROCEDER Ó PECHE DAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS, AGÁS PARA A PRESTACIÓN DOS SEGUINTE SERVIZOS ESENCIAIS:

- 1) Oficina central de rexistro
- 2) Servizos sociais – SAF
- 3) Brigada municipal de obras e servizos
- 4) Servizo de limpeza municipal
- 5) Policía Local

Nestes servizos, unicamente serán atendidas, de 9:00 a 14:00 horas, aquelas persoas que, **por razóns de urxencia**, obteñan cita previa, no teléfono 981.850.003.

Lémbрасelle á cidadanía a posibilidade de facer tódalas súas xestións e trámites administrativos de xeito online, por medio da sede electrónica do Concello:

<https://outes.sedelectronica.gal/info.0>

Concello de Outes

2. SUSPENDER OS TÉRMINOS E INTERROMPER OS PRAZOS PARA A TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS. O SEU CÓMPUTO REANUDARASE NO MOMENTO NO QUE PERDA VIXENCIA A DECLARACIÓN DE ESTADO DE ALARMAN OU, NO SEU CASO, AS PRÓRROGAS DO MESMO.

3. MANTER AS MEDIDAS ANTERIORMENTE ADOPTADAS:



- Suspensión das actividades deportivas, culturais, sociais, etc... organizadas ou autorizadas polo concello.
- Peche ó público das seguintes instalacións municipais: Punto de atención á infancia; Casa da cultura; Complexo deportivo municipal e piscina; Pavillóns municipais da Serra e do Cruceiro de Roo, Campo de fútbol do Cunchido, Centro Náutico do Freixo, Centros socioculturais.
- Suspensión da celebración de mercadiños ou feiras en vías públicas do concello.

PRÉGASE COMPRENSIÓN E PRECAUCIÓN
NAMENTRES DURE ESTA MEDIDA.

O QUE SE FAI PÚBLICO PARA O SEU XERAL COÑECEMENTO.

Outes, a 16 de marzo do 2020.

Asdo.- O Alcalde,



Concello de Outes